



ADMISIÓN DE ALUMNADO ESO-BACHARELATO CURSO 2024/2025

Información ó alumnado e ás familias

A) Normativa reguladora:

* Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas da ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 53, do 15 de marzo).

* Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 212, do 8 de novembro).

*ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

B) Postos escolares ofertados:

ENSINANZA	Postos escolares	Vacantes
1º ESO	30	16
2º ESO	30	1
3º ESO	30	9
4º ESO	30	2
1º Bach. Ciencias	54	34
1º Bach. Humanidades e CCSS	45	12
2º Bach. Ciencias	50	6
2º Bach. Humanidades e CCSS	49	7



C) Calendario do proceso:

1. Presentación de solicitudes de admisión: 1-20 de marzo.
 - * Documentación:
 1. Anexo ED550B de solicitude e Anexos II e II bis cubertos e asinados.
 2. DNI ou páxina do libro de familia do/a alumno/a.
 3. Certificación oficial de matrícula do curso actual (emitido polo Xade).
 4. Impreso de elección de materias
 5. Volante de empadronamento colectivo
 6. Se é o caso, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador....
2. Publicación do listado de ensinanzas nas que hai máis demanda que vacantes, e polo tanto hai que baremar: 21 de marzo.
3. Presentación da documentación acreditativa dos criterios do baremo: 21 de marzo - 3 de abril.
4. Publicación das listas provisionais de admitidos e non admitidos: 25 de abril.
5. Prazo de reclamacións ás listas provisionais de admitidos e non admitidos: 26 abril - 3 de maio.
6. Publicación das listas definitivas de admitidos e non admitidos: 15 de maio.
7. Formalización da matrícula (ESO-Bach): 23 de xuño – 8 de xullo.

D) Criterio complementario do centro:

O Consello Escolar decidiu que o criterio do centro será a nota media do último curso rematado, que se acreditará coa certificación académica dos estudos cursados.

E) Aclaracións:

- Cada alumno/a soamente poderá presentar unha única solicitude no centro elixido en primeiro lugar. A presentación de solicitude fóra de prazo, a formulación de máis dunha solicitude ou a inclusión nesta, ou na documentación achegada para acreditar requisitos ou criterios, de datos que non se axusten ás circunstancias reais





do/a alumno/a, dará lugar á perda de todos os dereitos de prioridade que lle poidan corresponder.

- O alumnado que teña dereito á reserva de praza noutro centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá ter comunicada a renuncia á reserva antes do 28 de febreiro.

F) Área de influencia e limítrofe do centro:

1. Na ESO:

- Área de influencia: Corcubión, Cee e Dumbría.
- Área limítrofe: Fisterra, Carnota, Muxía e Vimianzo.

2. No BACHARELATO:

- Área de influencia: Corcubión, Cee, Dumbría, Fisterra, Muxía e Carnota.
- Área limítrofe: Camariñas, Mazaricos e Vimianzo.

G) Servizos complementarios:

Ruta de transporte escolar Cee-Corcubión para alumnado da ESO.

Cee, 29 de febreiro de 2024

A directora,

Sonia López Bugeiro



